

D^a/D. , con DNI nº ,
con domicilio en
obrando en representación propia.

EXPÓN

Mediante o presente escrito presenta Recurso Potestativo de Reposición contra Resolución de 27 de xullo de 2012 da Secretaría Xeral de Medios pola que se convoca concurso público para o outorgamento de licenzas para a prestación de servizos de comunicación radiofónica de titulariedade privada na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 30 de Julio de 2012).

LEXITIMACIÓN ACTIVA

Dado que os servizos comunicación audiovisual son servizos de interese xeral, e como persoa física e por tanto destinataria última destes servizos, son parte interesada e directamente afectada pola resolución citada.

FUNDAMENTOS

CONSIDERANDO

Que a a Ley 7/2010, de 31 de marzo, General de la Comunicación Audiovisual establece no seu artigo 4 que *“Todas las personas tienen el derecho a que la comunicación audiovisual se preste a través de una pluralidad de medios, tanto públicos, comerciales como comunitarios que reflejen el pluralismo ideológico, político y cultural de la sociedad.”*

Que o DOG 144 de 30 de julio de 2012 publica a Resolución de 27 de xullo de 2012 da Secretaría Xeral de Medios da Xunta de Galicia pola que se convoca concurso público para o outorgamento de licenzas para a prestación de servizos de comunicación radiofónica de titularidad privada na Comunidad Autónoma de Galicia. E que o concurso pretende repartir todas as frecuencias das que dispón a Comunidade Autónoma Galicia para emisoras de radio en Frecuencia Modulada, esgotando así o espazo radioeléctrico dispoñible.

Que o artigo 1 das bases do devandito concurso público exclúe expresamente do seu ámbito ós servizos audiovisuais radiofónicos sen ánimo de lucro, de xeito que ninguna das licenzas a outorgar terán esta consideración.

Que a Xunta de Galicia conta, amáis de co espazo radioeléctrico atribuído pola Administración Xeral do Estado, ca competencia e o procedemento para adxudicar frecuencias a servizos de comunicación audiovisual comunitaria sen ánimo de lucro (artigo 32 do Decreto da Xunta 102/2012).

Que, aínda que o marco de actuación destes servizos non estea exhaustivamente descrito a través dunha norma regulamentaria, tal e coma se prevía na DT 14ª da ley 7/2010 por mor do incumprimento da administración, o incumprimento da lei por parte da administración en ningún caso pode ter efectos perxudiciais para os administrados.

Que a exclusión dos servizos de comunicación audiovisual radiofónica comunitarios sen ánimo de lucro das bases do concurso de concesión de licencias non está xustificada, nin se ampara en ningunha lei vixente.

SOLICITO

A nulidade, e subsidiariamente a anulabilidade, da Resolución de 27 de julio de 2012 da Secretaría Xeral de Medios pola que se convoca concurso público para o outorgamento de licenzas para a prestación de servizos de comunicación radiofónica de titularidade privada na Comunidad Autónoma de Galicia (DOG 30 de Julio de 2012), en tanto que se imposibilita o meu dereito a recibir unha comunicación audiovisual plural, consagrado no artigo 4 da lei 7/2010 de 31 de marzo General de la Comunicación Audiovisual, en relación co artigo 20.1 a) da Constitución Española de 1978.

E para que conste onde proceda, asino a presente solicitude en

a de agosto de 2012

Asdo:

**SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS. PRESIDENCIA.
XUNTA DE GALICIA.**

**Rúa do Horreo nº 61
CP 15701 Santiago de Compostela**